

# COMO PODO OBTER UN ANTICIPO DA MIÑA PRESTACIÓN DERIVADA DUN ERTE?



A Xunta e Galicia ten en marcha un programa para que as persoas traballadoras afectadas por un ERTE autorizado, poidan solicitar un anticipo da súa prestación económica non abonada polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), por **un importe máximo de 750 euros ao mes e ata dúas mensualidades. Sen xuros nin comisións bancarias.**

Consulta aquí os pasos a seguir para solicitar o teu anticipo:

## COMUNICACIÓN Á EMPRESA

**1** Contacta coa túa empresa, que xa recibiu unha comunicación informativa ao respecto, para comunicarlle a túa intención de optar por un anticipo da prestación que che corresponda.

Ten en conta que o anticipo se concederá polos días de prestación devengados desde a data de inicio do ERTE ata, como máximo, a data de solicitude.



## COMUNICACIÓN DOS DATOS Á XUNTA DE GALICIA

**2** A empresa comunicará os teus datos, empregando para iso o formulario do procedemento **TR820X** da Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

O formulario é moi sinxelo e nel deberá consignar determinada información do Formulario de solicitude colectiva enviado ao SEPE: conta bancaria, % de xornada (no seu caso) e base reguladora diaria. Tamén indicará a data de inicio do ERTE e a duración do anticipo.

Cada empresa poderá empregar o formulario tantas veces como as necesite para comunicar datos de novas persoas interesadas.



## VALIDACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

# 3


A Xunta de Galicia realizará as verificacións pertinentes e, nun prazo máximo de 24 horas, remitirá a cada entidade bancaria a relación das solicitudes validadas. No momento en que realice esta comunicación, a túa empresa recibirá un correo electrónico de confirmación.



## AUTORIZACIÓN DO ANTICIPO

# 4

A túa entidade bancaria realizará contigo as operacións necesarias, para autorizar o anticipo pola cantidade máxima e duración establecida na comunicación anterior.



## FORMALIZACIÓN E PAGAMENTO

# 5

Por último, a túa entidade bancaria formalizará o anticipo e poñerá á túa disposición a cantidade solicitada, cun máximo de 750 euros por cada mes pendente de cobro e ata dúas mensualidades.



### LEMBRA QUE...

Para ter dereito ao anticipo, a conta bancaria asociada á túa prestación debe corresponder a unha das entidades financeiras adscritas, actualmente, ao programa\*:

//ABANCA

 CaixaBank

 CAIXA RURAL  
GALEGA

 Sabadell

\*En caso contrario, consulta coa túa entidade financeira

Máis información en: [ceei.xunta.gal/coronavirus](https://ceei.xunta.gal/coronavirus)

[emprego.xunta.gal](https://emprego.xunta.gal)

900 815 600